



**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, DA XUNTA DE GALICIA, E O CONCELLO DE BANDE PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE CUBRICIÓN DE PISTA DEPORTIVA DE PÁDEL**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O SECRETARIO XERAL PARA O DEPORTE DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES,

**DECLARA:**

Que esta CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES-SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE formalizou co concello de Bande os instrumentos convencionais referidos por un período de vixencia que abrangue dende o 16 de abril de 2025 ao 31 de decembro de 2025.

| Data sinatura | Descrición  | Importe total |
|---------------|---|---------------|
| 15/04/2025    | Convenio de cooperación entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, da Xunta de Galicia, e o Concello de Bande para a realización das obras de cubrición de pista deportiva de pádel. | 48.863,62 €   |

Que os instrumentos convencionais teñen por obxecto *establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e o concello de Bande para a execución das obras neles sinaladas.*

Que existe *converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.*

Que os instrumentos convencionais que se pretenden asinar *fundaméntanse no seguinte:*

*I.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte.*

*O Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte, as competencias e funcións en materia de deportes.*

*A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispón que os concellos exercerán, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, nas seguintes materias: promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre (artigo 25.2.l).*

*No marco da lexislación básica do Estado, a Lei 5/1997 establece que os concellos exercerán, entre outras, competencias en materia de actividades e instalacións culturais e deportivas (artigo 80.2.n), e poderán celebrar coa Xunta de Galicia convenios de cooperación para unha xestión máis eficaz das súas competencias (artigo 198).*





*A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, contempla no seu artigo 8 a posibilidade de colaboración da Administración deportiva autonómica coas administracións locais.*

*II. As administracións públicas asinantes deste convenio son conscientes de que o incremento e mellora das condicións que esixe a práctica deportiva reclama unha mellor dotación de infraestruturas, de forma que permitan dar satisfacción á crecente demanda social existente na materia.*

*A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no exercicio das súas competencias e funcións, ten previsto na súa planificación de mellora das infraestruturas e dos equipamentos deportivos da Comunidade Autónoma de Galicia, actuacións que permitan a construción ou mellora de instalacións deportivas básicas ou daquelas que presenten un maior interese deportivo. Neste sentido é de interese da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a colaboración coas administracións locais para o fomento do deporte no ámbito municipal.*

*A necesidade de levar a cabo esta actuación, ven determinada pola importancia de potenciar o deporte base sendo consciente da importancia da súa colaboración económica cos concellos para afrontar obras que beneficien ao conxunto dos cidadáns para a práctica deportiva. Desta circunstancia derívanse as razóns que acreditan o interese público das actuacións, e xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, de acordo con disposto no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atendendo tamén ao establecido no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.*

*Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.*

*Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica*

*José Ramón Lete Lasa  
Secretario Xeral para o Deporte*

